Julio Torrado Quintela na data 23/03/2018 14:07:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2018 14:07:52

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Juan Manuel Díaz Villoslada, Abel Fermín Losada Álvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

Desde a liberalización do mercado enerxético en España, os prezos da enerxía eléctrica sufriron incrementos da orde do 60 % afastándose moito dos prezos medios europeos, que se manteñen nunha liña estable.

Ademais, as bonificacións recibidas vía sistema de xestión da demanda de interromper víronse reducidas notablemente, ademais de supoñer, debido o sistema de subastas de interrupción, un lastre para as empresas en canto á planificación de investimentos, orzamentos e creación e mantemento do emprego, deixando as empresas expostas a unha perda de competitividade con respecto ás dos países do noso contorno que operan nos mesmos mercados. Posiblemente por estas razóns obsérvanse nos últimos anos investimentos de empresas españolas en diferentes países do noso contorno nos que a incerteza existente sobre prezos da enerxía a medio e longo prazo as benefician, o que pon en risco de deslocalización ás plantas españolas.

Un escenario realista e posible sería o dunha tarifa eléctrica estable e competitiva a medio e longo prazo, mediante contratos bilaterais entre produtores e consumidores, o mesmo que ocorre nalgún país da Unión Europea, favorecendo iso a estabilidade e a creación de novo emprego, en definitiva, o noso futuro industrial.

As empresas radicadas en Galicia, como Alcoa, Ferroatlántica, Megasa e cementeiras, grandes consumidoras de enerxía electointensiva como consecuencia dos seus procesos produtivos, son testemuña nos últimos tempos de como os prezos da enerxía, principal custo da transformación das materias primas nos seus procesos produtivos, se viron incrementado con respecto aos competidores do seu contorno a nivel europeo.

Grupo Parlamentario

Con todo isto, os poderes públicos do noso país están obrigados a abordar a problemática das empresas electrointensivas que teñen un gran consumo de enerxía nos seus procesos produtivos (sectores do aluminio, ferroaleacións, siderurxia, cimenteiros, etc) e a adoptar as solucións necesarias, xa que as plantas industriais españolas, con importante presenza en Galicia, compiten en gran desigualdade como consecuencia de que os custes enerxéticos en Europa son inferiores aos custos en España.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adoptar as medidas necesarias para que o actual réxime de incentivos deixe de penalizar á industria electrointensiva en consumo enerxético.

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2018 16:27:55

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2018 16:28:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2018 16:28:20

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/03/2018 16:28:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2018 16:28:38



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28476
Data envío: 26/03/2018 11:59:15.945

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días o comité de empresa da consellaría de Política Social na provincia de Pontevedra iniciou unha campaña de denuncia das deficiencias e falta de persoal no Centro de persoas maiores de Campolongo (Pontevedra). O comezo desta campaña é resultado da falta de resposta por parte da consellaría a demandas formuladas desde 2015.

Entre outras, o comité formula as seguintes demandas para a mellora da atención asistencial na residencia:

- Mellora nos ascensores por seren insuficientes e non axeitados para persoas con mobilidade reducida.
- Instalación de tomas de osíxeno e aspiración nas habitacións, xa que hai residentes que pola súa inmovilidade reciben alimentación nos cuartos.
- Reformas nos pisos terceiro e cuarto para adaptalos ás persoas que os utilizan.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28476
Data envío: 26/03/2018 11:59:15.945

- Modificacións dos usos dos montacargas.
- Melloras no servizo de cociña.
- Dotación do comedor con elementos de seguridade para as persoas usuarias.
- Modificación do acceso á cafetería para as persoas que viven na residencia.
- Comedores e salas de estar en todas as plantas.
- Dotación de maquinaria necesaria en comedor, cociña, enfermaría e lavandaría.
- Finalización das obras no comedor do cuarto andar.

En materia de persoal, o comité demanda a ampliación do cadro de persoal coa contratación de dúas persoas para a enfermaría, cinco auxiliares de enfermaría e un/ha cociñeiro/a.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Atender as demandas do comité de empresa e dotar a residencia de persoas maiores de Campolongo (Pontevedra) das infraestruturas e dos medios humanos e materiais que permitan corrixir as deficiencias existentes e mellorar a atención ás persoas usuarias.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28476
Data envío: 26/03/2018 11:59:15.945

2. Aprobado e poñer en marcha estas medidas no presente ano 2018.”

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/03/2018 11:13:14

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2018 11:13:19

Olalla Rodil Fernández na data 26/03/2018 11:13:20

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2018 11:13:24



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 11:59
Nº Rexistro: 28476
Data envío: 26/03/2018 11:59:15.945

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/03/2018 11:13:28

Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2018 11:13:31

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Onte mesmo, a Corporación Municipal de A Lama aprobaba por unanimidade unha moción conxunta de rexeitamento á extinción da “*Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo*”, que fundara altruistamente Manuel Barreiro Cavanelas, e de apoio á continuidade da mesma.

A decisión foi secundada pola veciñanza da parroquia de Covelo, representado pola Asociación de Veciños de Laxedo, quen impugnará a recente Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os motivos desta impugnación son, evidentemente, velar polos intereses das persoas veciñas e pola preservación dun patrimonio que lle corresponde ao pobo, sendo conscientes tamén de que cómpre poñer os medios necesarios para facer rexurdir a fundación e rematar coa situación de abandono actual.

O complexo (duns 40000 metros cadrados) require dunha profunda rehabilitación, tendo como obxectivo destinalo a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental xuvenil.

Cando menos resulta curioso que o alcalde de A Lama, do Partido Popular e que goberna A Lama con maioría absoluta, semella que non tiña noticia algunha da orde da Xunta de Galicia nin de que o padroado da fundación acordara que os bens e dereitos resultantes da liquidación fosen destinados ao concello.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a deixar sen efecto a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 5 de marzo de 2018, pola que se ratificou a extinción da “*Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo*”, no concello de A Lama, acordando a continuación da mesma.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/03/2018 12:21:47

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/03/2018 12:21:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/03/2018 12:21:58

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/03/2018 12:22:06

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

O luns 6 de febreiro publicábase non DOG ós 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (Tecia solanivora) , 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a “campana de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (Tecia solanivora)”, a cal empezou en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O luns 3 de xullo comezaba a Consellería de Medio Rural a pagar as primeiras axudas pola prohibición de plantar patacas, axudas solicitadas polos veciños e veciñas dos concellos afectados pola couza guatemalteca.

O venres 20 de outubro publicouse no DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca.

O domingo 25 de marzo coñecemos pola prensa que o concello de Muxía, na provincia da Coruña está afectado pola couza guatemalteca (Tecia solanivora).

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Investigar as causas polas que se expandiu a praga da couza guatemalteca a un concello que non estaba afectado.
2. Intensificar e mellorar os controis da praga da couza guatemalteca.

Pazo do Parlamento, 26 de marzo de 2018

Asdo.: José Manuel Pérez Seco
José Antonio Quiroga Díaz
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/03/2018 12:25:22

José Antonio Quiroga Díaz na data 26/03/2018 12:25:29

María Dolores Toja Suárez na data 26/03/2018 12:25:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/03/2018 12:25:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 26/03/2018 17:14:45.773

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á reforma integral da PO-403.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ten previsto levar a cabo un proxecto de mellora parcial da estrada comarcal PO 403, un vial que ten moitos problemas de seguranza viaria e accesibilidade, especialmente en Angoares, desde a apertura da A-52 fai 20 anos. Cómpre ter en conta que se trata dunha estrada con unha intensidade media diaria de máis de 10.000 vehículos/día, que atravesa unha zona con unha elevada densidade residencial, clasificada como solo urbano e de núcleo nun treito moi significativo do percorrido.

O proxecto presentado polo goberno galego ten importantes carencias conceptuais e técnicas: non responde ás necesidades dos núcleos de Angoares e Moreira, non resolve os principais problemas do treito, non contempla a continuidade das beirarrúas, non resolve axeitadamente a conexión co viario municipal, non cumpre a normativa de accesibilidade, non prevé a mellora do alumeadado, etc.

Así mesmo, este proxecto tampouco resolve as necesidades do núcleo urbano de Ponteareas, que é atravesado pola PO-403. A Avenida Castelao, sendo a zona con maior



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 26/03/2018 17:14:45.773

densidade de poboación do núcleo urbano, carece a día de hoxe de beirarrúas en moitos dos seus tramos.

Tanto a veciñanza como o goberno e a corporación municipal de Ponteareas consideran necesario introducir importantes melloras no proxecto, para que se realice unha actuación integral de mellora da seguranza viaria, da mobilidade peonil e da accesibilidade.

Asemade, cómpre que a Xunta de Galiza cumpra os seus compromisos e elabore o proxecto de circunvalación previsto no convenio asinado en 2015, para que posteriormente o Ministerio de Fomento execute o vial de conexión do centro urbano de Ponteareas co enlace da autovía en Moreira.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Modificar o proxecto de reforma da estrada comarcal PO 403 incluíndo as melloras demandadas polo concello de Ponteareas e pola veciñanza de Angoares e Moreira, nomeadamente as seguintes actuacións:

- Completar os percorridos peonís en ambas marxes.
- Cumprir a normativa de accesibilidade nos largos das beirarrúas ou sendas e nos pasos de peóns.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 26/03/2018 17:14:45.773

- Darlle continuidade á actuación até a parroquia de Moreira na outra marxe da A-52, incluíndo unha beirarrúa ou senda á altura do paso baixo a autovía (núcleo de Requeixo, Amarela e Macadín).

- Incluír en todo o percorrido a mellora do alumado público.

- Establecer medidas de redución efectiva da velocidade nos treitos rectos e de pendente.

- Mellorar e ampliar as zonas de pasos de peóns.

- Estudar en todo o treito medidas de mellora da accesibilidade e da conectividade co resto do viario transversal.

2. Dotar de beirarrúas á PO-403 ao seu paso polo núcleo urbano de Ponteareas, nos tramos da Avenida Castelao que carecen delas.

3. Licitar, no primeiro semestre de 2018, o proxecto de circunvalación previsto no convenio asinado no ano 2015 pola Xunta de Galiza, o Ministerio de Fomento e o concello de Ponteareas.”

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 28502
Data envío: 26/03/2018 17:14:45.773

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/03/2018 17:03:37

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2018 17:03:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/03/2018 17:03:50

Olalla Rodil Fernández na data 26/03/2018 17:03:51

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2018 17:03:52

Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2018 17:04:02

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Na Conferencia de Presidentes Autonómicos celebrada en xaneiro de 2017, acordouse o impulso da Tarxeta Social Universal e a constitución dun grupo de traballo encargado do seu deseño e posta en marcha.

O Grupo de Traballo reuniuse en diversas ocasións e puxo de manifesto a boa evolución dos traballos; anunciou que a tarxeta será universal, identificou máis de 500 prestacións públicas e situacións subxectivas que formarán parte do proxecto, e determinou que servirá como mecanismo de acreditación simplificando trámites administrativos. O 30 de xaneiro deste ano, a FEMP aprobou por unanimidade o apoio a esta Tarxeta.

A Tarxeta Social Universal é un instrumento destinado fundamentalmente a seguir avanzando na mellora do sistema de protección aos cidadáns. Permitirá aos interesados acreditar a súa situación ante as Administracións Públicas ou ante terceiros para ser beneficiarios de políticas sociais.

Asemade, ofrecerá ás Administracións Públicas encargadas de deseñar as políticas sociais un mapa de prestacións e unha ferramenta de análise estatístico que lles vai a

permitir detectar con precisión as situacións que requiren actuacións públicas, mellorando a coordinación entre as distintas administracións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para demandar a inmediata posta en marcha da Tarxeta Social Universal, en coordinación coas Comunidades Autónomas e os concellos, a fin de que os cidadáns poidan beneficiarse á maior brevidade das vantaxes inherentes á mesma”.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/03/2018 13:11:16

Marta Rodriguez Arias na data 27/03/2018 13:11:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/03/2018 13:11:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2018 13:18
Nº Rexistro: 28518
Data envío: 27/03/2018 13:18:48.461

María Ángeles Garcia Míguez na data 27/03/2018 13:11:48

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/03/2018 13:11:54

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/03/2018 13:12:00

María Soraya Salorio Porral na data 27/03/2018 13:12:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/03/2018 13:12:16

Raquel Arias Rodríguez na data 27/03/2018 13:12:24

Sandra Vázquez Dominguez na data 27/03/2018 13:12:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Juan Manuel Díaz Villoslada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Despois de anos de inactividade e aparente abandono do Polígono de Morás, e o vial que o atravesa Xunta de Galicia, a través de Xestur retoma as obras de acondicionamento cunha adxudicación realizada en abril de 2017 cun cronograma de 10 meses.

A día de hoxe, a estrada que discorre pola zona segue a ser un vial provisional con abruptos desvíos, badenes que fan bater os coches, inmensas fochancas, curvas imposibles, sinalización insuficiente, iluminación nula e, en definitiva, unha vía de comunicación moi utilizada pola cidadanía e que supón un risco máis que evidente para a circulación e a vida das persoas. Máxime si engadimos os temporais destes días que diminúen a visibilidade, incrementan o estado esvaradío do “firme”, máxime tendo en conta toda a lama espallada polos camións de obra que circulan por ela.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Demande da Xestur o arranxo inmediato da estrada DP-0512 que atravesa o Polígono de Morás, así como a súa sinalización e iluminación para minimizar os riscos para as persoas usuarias da mesma.
2. Esixa á empresa concesionaria das obras a tomar as medidas de seguridade en canto á entrada e saída dos camións de obra, a limpeza da estrada e cantas aquelas sexan precisas para asegurar a seguridade da estrada.

Pazo do Parlamento, 27 de marzo de 2018

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/03/2018 10:00:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2018 10:00:22

María Luisa Pierres López na data 28/03/2018 10:00:25

Raúl Fernández Fernández na data 28/03/2018 10:00:30

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2018 10:00:35

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

Exposición de motivos

Segundo a OMS, as matronas desenvolven un papel fundamental en relación á saúde das mulleres, non só na atención durante a xestación ou o parto, si non tamén en todas as etapas da vida sexual e reprodutiva da muller.

Con todo, pese as recomendacións de ratios por parte da OMS, estas seguen a ser inadecuadas tanto na atención primaria como especializada por parte do Servizo Galego de Saúde, que ten deseñado un Plan Integral de Saúde da Muller que resulta imposible levar a cabo de xeito equitativo en todo o territorio, xa que se produce una iniquidade asistencial en función da zona onde se resida. Neste sentido, Ourense é o sitio máis castigado principalmente e de xeito alarmante na Atención Primaria, onde soamente existen 8 matronas para toda a provincia de Ourense, que conta cunha poboación de 160.453 mulleres.

A Asociación Galega de Matronas denuncia a absoluta precariedade, especialmente na zona de Ourense, onde resulta totalmente imposible levar a cabo o Plan Integral de saúde da muller.

Esta situación, non ten moitas trazas de mellorar, tendo en conta que para a seguinte OPE non están previstas prazas de matronas e as actuais están sendo amortizadas en lugar de ser cubertas.



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Cubrir as baixas e xubilacións das matronas.
- Solucionar de xeito urxente e prioritario a falta de matronas na provincia de Ourense, especialmente na Atención Primaria, equiparando estas ao resto de provincias.
- Convocar unha OPE na que se contemplen prazas de matronas, co obxectivo de cumprir coas ratios estipulados pola OMS, así como poder levar a cabo en todas as provincias de Galicia e na súa totalidade o Plan de Atención Integral da Saúde da Muller en Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/03/2018 10:48:28

Luis Villares Naveira na data 28/03/2018 10:48:32

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Que a Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade traería consigo, non só un aumento no sector turístico e polo tanto unha mellora económica e activación das inversións na zona senón que tamén se poñería freo a un dos problemas máis acusados que ten Galicia, sobre todo en terras do interior, que é o despoboamento. A revitalización económica tradúcese tamén en revitalización social e polo tanto en máis e mellores oportunidades para que o rural se manteña. Todo isto sen esquecer o patrimonio, tanto material como inmaterial e paisaxístico, que se vería reforzado, mellor valorado e como non mellor conservado.

A Ribeira Sacra non é un monumento, un edificio ou unha cidade é un territorio vivo, dinámico e poboado e pese a isto e á importancia de declarala como Patrimonio da Humanidade hai unha clara falta de información entre as xentes que conforman este territorio; esta falta de información conleva unha menor concienciación e polo tanto menor participación na evolución deste proceso tanto por parte do tecido socioeconómico como de axentes culturais e medioambientais e da sociedade en xeral. A información é algo de suma importancia para que a Ribeira Sacra sexa protexida e potenciada non só polas administracións senón tamén pola sociedade en xeral.

Aínda que o 29-12-2017 se publicou no DOG a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural pola que se incoa o expediente para declarar a Ribeira Sacra Ben de Interese Cultural, coa categoría de paisaxe cultural, e outros bens e manifestacións do patrimonio cultural e inmaterial relacionados. A meirande parte da poboación afectada directamente non está informada da transcendencia das consecuencias

 Grupo Parlamentario

que conleva a zonificación e; nas últimas semanas son moitos os colectivos e veciños/as que piden se amplíe o prazo de alegacións para poder coñecer os detalles e implicacións de tal resolución e poder no seu caso presentar en tempo e forma as súas alegacións.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o período de alegacións en polo menos dous meses máis, ata o 30 de maio.

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2018

Asdo.: José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 28/03/2018 11:18:46

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2018 11:19:12

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/03/2018 11:19:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/03/2018 11:19:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2018 11:19:27



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 11:39
Nº Rexistro: 28573
Data envío: 28/03/2018 11:39:08.588

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 30 de decembro 9 simpatizantes e militantes do BNG participaron nunha protesta pacífica contra o acto de “inauguración” da ampliación da Ponte de Rande. Tratábase dun acto de denuncia do expolio da AP 9 e do trato de favor dos gobernos español e galego coa concesionaria da autoestrada. E tamén dunha protesta polo feito de “inaugurar” a ampliación da ponte cando as obras aínda non estaban rematadas.

Nos pasados días estas nove persoas recibiron a notificación dunha multa de 100 euros por interromper o tráfico da AP 9. Máis alá de que non houbo ningunha interrupción do tráfico, a realidade é que se multa a quen protesta contra os abusos das peaxes e a quen denuncia os perxuícios para Galiza da xestión da autoestrada, mentres que a concesionaria aínda non foi obxecto de ningún expediente sancionador nin multa. E non só iso, senón que se beneficia de prebendas, privilexios e decisións que engordan a súa millonaria conta de beneficios.

A represión por parte do Estado en forma de multas forma parte dun proceso máis amplo de involución democrática e de persecución da protesta, da diversidade



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 11:39
Nº Rexistro: 28573
Data envío: 28/03/2018 11:39:08.588

ideolóxica e da discrepancia política. A multas non son polo tanto un episodio illado. Forman parte dunha estratexia xeral que ten como finalidade perseguir e recortar dereitos e liberdades fundamentais. Tanto a lei de seguridade cidadá (coñecida como lei mordaza) como a modificación do código penal teñen por obxecto perseguir, sancionar, multar, denunciar e mesmo encadear a persoas que exercen dereitos fundamentais nunha sociedade democrática.

Multas a estudantes por manifestarse, sancións a mozas e mozos por facer un mural, multas por exhibir unha bandeira galega nun estadio de fútbol, ou por exercer o dereito de folga ou de manifestación. Denuncias e penas de prisión para sindicalistas, para artistas por letras de cancións.. son realidades cada vez máis habituais e que teñen como finalidade amedrentar e censurar.

Trátase dun proceso represivo e regresivo, dun ataque contra as liberdades e contra a democracia que está a poñer ao estado español en evidencia e que está dando lugar a sentenzas contrarias do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e a medidas cautelares do Comité de Dereitos Humanos da ONU.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego adopta como resolución manifestar o rexeitamento contra o proceso de involución democrática e de restricción das liberdades que se está a producir no estado español. Asemade, denuncia o uso abusivo da lei de seguridade cidadá para perseguir e multar a persoas que se manifestan pacificamente contra a suba das peaxes ao tempo que se protexen e se favorecen os intereses de AUDASA, concesionaria da autoestrada AP 9.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 11:39
Nº Rexistro: 28573
Data envío: 28/03/2018 11:39:08.588

Ao mesmo tempo, o Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a dirixirse ao goberno do Estado para demandar a derogación da Lei de seguridade cidadá, coñecida como “lei mordaza.”

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2018 11:38:33

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2018 11:38:38

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2018 11:38:40



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 11:39
Nº Rexistro: 28573
Data envío: 28/03/2018 11:39:08.588

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2018 11:38:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2018 11:38:47

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2018 11:38:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:53
Nº Rexistro: 28577
Data envío: 28/03/2018 12:53:31.416

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pouco despois da morte do Ditador Francisco Franco, o seu sucesor Juan Carlos de Borbón concedía á súa descendencia os títulos nobiliarios do Señorío de Meirás e do Ducado de Franco, coa dignidade de Grandeza de España. Con estes títulos a Monarquía lexitimaba e concedía privilexios á familia do Ditador, unha situación que se mantivo por decisións dos sucesivos gobernos do Estado. E asemade dáballe continuidade e lexitimidade á concesión de títulos nobiliarios por parte do Ditador a destacados dirixentes fascistas, títulos que foron renovados por todos os gobernos de España e sancionados polo Monarca.

A concesión dos citados privilexios, a apropiación por parte da familia Franco de propiedades e bens públicos, a impunidade dos crimes do franquismo, o esquecemento das vítimas da Ditadura conforman unha páxina negra da transición e poñen en evidencia as eivas do rexime do 78. Constitúen unha



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:53
Nº Rexistro: 28577
Data envío: 28/03/2018 12:53:31.416

vergoña para a democracia, unha ofensa para as vítimas e un ataque á dignidade colectiva do pobo galego.

O pasado luns 26 de marzo o BOE publicaba a solitude de Carmen Martínez Bordiú para herdar o título do Ducado de Franco. Unha herdanza polo demais libre de cargas por decisión no seu día de Juan Carlos I.

A xuízo do BNG e de moitas persoas e entidades, a pervivencia destes títulos é incompatíbel co respecto aos valores democráticos e co recoñecemento á memoria de centos de miles de persoas que foron vítimas da Ditadura.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento galego adopta como resolución:

Expresar o rexeitamento con respecto á pervivencia de privilexios e prebendas por parte da familia Franco, nomeadamente os títulos nobiliarios do señorío de Meirás e do Ducado de Franco, por consideralos incompatíbeis cos valores democráticos e co respecto á memoria das vítimas da Ditadura.

Asemade, insta ao goberno galego a

-Demandar do goberno do Estado a supresión de todos os títulos nobiliarios concedidos polo Ditador Francisco Franco a dirixentes da Ditadura e dos que gozan a súa descendencia.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:53
Nº Rexistro: 28577
Data envío: 28/03/2018 12:53:31.416

- Esixir do goberno do Estado a non renovación e anulación dos títulos do Señorío de Meirás e Ducado de Franco, concedidos por Juan Carlos I e renovados por todos os gobernos do Estado desde 1975 até a actualidade.”

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/03/2018 12:49:08

María Montserrat Prado Cores na data 28/03/2018 12:49:12



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2018 12:53
Nº Rexistro: 28577

Data envío: 28/03/2018 12:53:31.416

Ana Pontón Mondelo na data 28/03/2018 12:49:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/03/2018 12:49:15

Olalla Rodil Fernández na data 28/03/2018 12:49:16

Noa Presas Bergantiños na data 28/03/2018 12:49:18

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Luís Manuel Álvarez Martínez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O día 20 de marzo de 2018 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria visitaba o concello de Teo (A Coruña) e anunciaba obras por un importe de 630.000 € dos que a maior parte, segundo a páxina web da propia consellería, se investirán na mellora enerxética (rehabilitación enerxética e funcional) do CEIP A Ramallosa, cun investimento de preto de medio millón de euros.

Non podemos esquecer que este colexio foi centro dunha polémica no mes de xaneiro relacionado coa temperatura das aulas; así, podemos ler en La Voz de Galicia do día 18 de xaneiro que *“tal es el grado de humedad en el aula de los más pequeños que un deshumidificador de 20 litros funciona sin descanso durante las 24 horas del día como única solución, por ahora, para combatir una situación que afecta a todas las clases de la fachada del ala norte, y que en el caso de la clase de infantil alcanza niveles muy preocupantes para los padres. Aunque la calefacción funciona en todo el centro y también en la clase de 3 años, el calor que desprenden los radiadores no basta para que los niños estén cómodos en el colegio.”*

Unha vez comprobamos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria só actúa cando os problemas acadan coñecemento público pese a ser coñecedora dos problemas existentes nos centros e, aínda así, o fai sen establecer con claridade nin prazos nin actuacións.

Estas inversións que agora se anuncian no concello de Teo non veñen a resolver, obviamente, as demandas que as distintas comunidades

 Grupo Parlamentario

educativas veñen trasladando e que deron lugar á presentación dunha moción no propio Concello de Teo o día 19 de xaneiro de 2018 reclamando a solución dos problemas existentes en todos os centros educativos do Concello de Teo dependentes da consellería.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a atender as demandas presentadas polas distintas comunidades educativas dos centros do concello de Teo relacionadas coas melloras necesarias nos centros

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2018

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/03/2018 12:51:21

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/03/2018 12:51:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/03/2018 12:51:32

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus **deputados Davide Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre a contratación en exclusiva dos bombeiros do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDIF).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os incendios forestais son cada vez máis virulentos e complexos, converténdose na maior parte das veces en GIF ou Grandes Incendios Forestais, incrementando a súa capacidade destrutiva. O mapa dos incendios que se van a producir serán da tipoloxía de GIF con superación dos 15000 kv/hora, como os tristemente ocorridos en Portugal, en California ou en Galicia nos últimos meses do ano pasado.

Neste novo escenario danse tres circunstancias de orixe a corrixir:

- 1.- Actuar sobre o abandono do rural, eliminando especies pirófitas e retomando o paisaxe mosaico que ofrece máis resistencia ao lume, incrementando as queimas controladas, e a redución da biomasa.
2. Profesionalizar a formación dos dispositivos de prevención e extinción contra os incendios forestais, facendo fincapé nas queimas controladas para reducir as cargas de combustible, e axudando nestas tarefas as persoas solicitantes das mesmas, incrementando e mantendo limpas as franxas de protección.



3. Mellorar a rapidez de resposta, actuación e a calidade das intervencións. Os lumes non permiten erros, na súa fase inicial é cando se poden controlar, sobre todo cando as condicións do terreo e atmosféricas favorecen a súa rápida propagación.

O sistema galego de brigadas helitransportadas da década dos 90 e na primeira década do século XXI funcionou moi ben.

O tempo de reacción é unha das claves para poder sufocar con éxito e en inicio incendios despois incontrolables.

Tendo en conta os datos do MAGRAMA o número de incendios diminúen nos últimos anos, aumentando o número de superficie en hectáreas queimadas. O SPDCIF con máis de trinta anos na loita contra o lume e a mellora do actual sistema de brigadas helitransportadas aproveitando estes recursos humanos, permitiría un maior control e prevención dos lumes, atallando na medida do posible os mesmos, cunha resposta áxil e profesional, e coa máxima eficacia dos dispositivos.

Ademais, o acompañamento das brigadas helitransportadas por persoal técnico funcionariado público experimentado nestas labores, suporía un aforro económico reforzando as labores de dirección e extinción de incendios con adaptación as necesidades do propio escenario do lume, que evoluciona e cambia, permitindo unha mellora e rapidez na toma das decisións.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Contratar ao persoal das brigadas helitransportadas exclusivamente de xeito dependente da Xunta de Galicia.



2. Garantir que todos os helicópteros transporten única e exclusivamente brigadas conformadas por bombeiros forestais do SPDCIF.

Santiago de Compostela a 28 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/03/2018 13:38:08

Luis Villares Naveira na data 28/03/2018 13:38:17

Paula Quinteiro Araújo na data 28/03/2018 13:38:24

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Ánxeles Cuña Bóveda, Magdalena Barahona Martín, Manuel Lago Peñas, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Luca Chao Pérez, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 4.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O territorio coñecido coa denominación “Ribeira Sacra”, que engloba ás comarcas caldelá, limesa, á de Quiroga e á de Chantada, incluíndo Portomarín e parte de zona ourensá e de Trives, ten singularidades paisaxísticas e culturais que a converten nunha paraxe única: a xeomorfoloxía, con senllos canóns de Sil e Miño que conforman escarpadas pendentes onde se desenvolveu o cultivo en bancais, unha das obras humanas máis impresionantes do mundo; o clima, mediterráneo nos canóns, que mistura a influencia continental, atlántica e mediterránea e orixina unha vexetación e fauna variada; o inxente patrimonio cultural, sendo un territorio tremendamente humanizado e con restos arqueolóxico-artísticos dende as primeiras etapas da humanidade. Conta ademais con enormes potencialidades agro-gandeiras e no sector artesanal, que posibilitarían a vida digna nesta terra de moita xente que segue a emigrar dela.

Ademais de ter Patrimonio cultural en perigo, o territorio sofre ameazas que esixen unha especial atención das administracións, como o sobre-aproveitamento

hidroeléctrico, a escasa rede de saneamento ou a falta de ordenación territorial e desorde forestal. Falamos, ademais, dun territorio especialmente envellecido (concellos dos máis envellecidos do mundo) e de baixo nivel de renda en comparación con outras zonas de Galiza, polo que o desenvolvemento de novas figuras de protección territorial, como é o BIC, esixe unha especial atención á integración da sociedade civil e require acompañar a protección cun plan de desenvolvemento socioeconómico con investimentos detallados e calendarizados, que permitan fixar poboación, reforzar e diversificar o tecido produtivo, harmonizar a lexislación urbanística do territorio ou realizar unha catalogación exhaustiva dos bens a protexer (incluído o patrimonio inmaterial). Nada disto se ten achegado por parte da Xunta.

Calquera figura de protección territorial, por si mesma, non garante a conservación medioambiental e do Patrimonio dunha zona: é preciso un modelo global de xestión territorial coherente que aposte pola integración territorial, a sustentabilidade ambiental e a conservación dos bens culturais e non un modelo de destrución, como é o actual da Xunta, que acentuou as diverxencias territoriais e o despoboamento do interior galego.

No territorio das comarcas que conforman a denominada “Ribeira Sacra” xa existen figuras de protección que non serviron para garantir a conservación dos bens culturais e paisaxísticos: plantacións ilegais en Rede Natura, mal estado ambiental de ríos e regatos, falta de ordenación urbanística ou vertedoiros incontrolados son a tónica neste territorio.

Para que funcionen as figuras de protección territorial, un factor fundamental é a implicación da sociedade civil do propio territorio, algo que non sucedeu no que respecta á incoación do procedemento para a declaración BIC da Ribeira Sacra.



No caso do expediente que incoa o procedemento para a declaración BIC da Ribeira Sacra como “paisaxe cultural”, a Xunta non fixo un esforzo de implicación real da cidadanía. Reunións secretas, reunións abertas pero sen publicitar, recomendacións de que non se fagan publicamente as suxestións e alegacións, agradecementos a alcaldes e alcaldesas pola “discreción” e unha exposición ordinaria de tres meses dun expediente complexo non chegan para que o conxunto da cidadanía dos concellos da Ribeira Sacra asuma a protección territorial como un valor nin sexa consciente de cales son os cambios que lle orixinará na vida diaria a declaración de BIC, que xa ten efectos inmediatos, na medida en que dende a publicación do expediente xa se aplica de xeito provisional o réxime de protección establecido na Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia para os BIC.

A regulación de usos e actividades aínda ten pendente a concreción de regulamentacións específicas que non se detallan no expediente, polo que nese proceso posterior tamén se debe fomentar de xeito real a participación e implicación da cidadanía, non só a través da Consellería de Educación e Cultura, senón tamén dende a Consellería de Medio Rural, dado o carácter agrogandeiro de moitas zonas afectadas.

Dado que non existiu unha participación real das comunidades afectadas pola declaración BIC, e sendo patente o xeral descoñecemento da delimitación e da normativa por parte da poboación; dado que o expediente é inconcreto en numerosos aspectos que teñen que ver coa protección –como no que ten que ver coas novas construcións (“poderán ditarse medidas, criterios e catálogos de solucións concretas que definan con precisión as magnitudes, os materiais e os procesos”)-, que esixen un desenvolvemento normativo posterior; dado o carácter agrogandeiro de moitas das zonas afectadas, o Grupo Parlamentario de En Marea propón a adopción do seguinte acordo.



O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Ampliar o período de alegacións do expediente polo que se incoa o procedemento para a declaración da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural, coa categoría de Paisaxe Cultural.
2. Impulsar unha campaña informativa ampla e clara, con guías e folletos explicativos, que informe exhaustivamente do réxime de protección da área delimitada como BIC e da zona de amortecemento, así como dos exoámbitos.
3. Que en dita campaña de divulgación se impliquen activamente as Consellerías de Educación e Cultura e a do Medio Rural.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 28/03/2018 13:49:24

Luis Villares Naveira na data 28/03/2018 13:49:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/03/2018 13:49:38

Juan José Merlo Lorenzo na data 28/03/2018 13:49:41

Carmen Santos Queiruga na data 28/03/2018 13:49:43



Antón Sánchez García na data 28/03/2018 13:49:46

Eva Solla Fernández na data 28/03/2018 13:49:48

Luca Chao Pérez na data 28/03/2018 13:49:51

Paula Quinteiro Araújo na data 28/03/2018 13:49:54

Magdalena Barahona Martín na data 28/03/2018 13:49:57

José Manuel Lago Peñas na data 28/03/2018 13:50:00

Francisco Casal Vidal na data 28/03/2018 13:50:03

David Rodríguez Estévez na data 28/03/2018 13:50:06

Marcos Cal Ogando na data 28/03/2018 13:50:08



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García**, e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre o avance da praga da pataca, “tecia solanivora povolony” ou couza guatemalteca.

Exposición de motivos.

O día 20 de outubro de 2017 publicouse no DOGA a ampliación das zonas afectadas pola praga da pataca, “tecia solanivora povolony” ou couza guatemalteca da pataca.

Nesa RESOLUCIÓN do 17 de outubro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, ampliaron as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena.

Resumo dos antecedentes:

*A praga denominada couza guatemalteca da pataca, foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia en **agosto do ano 2015**.*

*A través da Resolución do **16 de outubro de 2015**, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, declárase a presenza da praga de corentena denominada Tecia solanivora Povolny ou couza guatemalteca da pataca, **establécense as zonas demarcadas para esta praga e adóptanse medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia**.*



Posteriormente, a Resolución do **11 de febreiro de 2016**, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, **amplía as zonas demarcadas pola presenza da praga**.

Con data do 4 de marzo de 2017, publicouse o Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de Tecia (*Scrobipalopsis*) solanivora Povolny (BOE núm. 54, do 4 de marzo).

En aplicación deste real decreto, en Galicia publicouse a Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena da couza da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia.

En datas posteriores ás da publicación desa Resolución do **8 de marzo producíronse novas deteccións** deste organismo no concello de Cariño, incluído ata ese momento na zona tampón polo tanto, debe pasar a declararse todo o concello como zona infestada e aplicarse nel o establecido nos puntos 2, 4 e 5 da mencionada resolución.

E resolve este decreto:

1. Ampliar as zonas infestadas pola existencia da praga.
2. Manter todas as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 8 de marzo de 2017 e, en concreto, a expresa prohibición do cultivo de pataca nestas zonas infestadas.



3. Os agricultores das zonas tampón definidas no punto 1.b) da Resolución do 8 de marzo de 2017 deberán seguir comunicando, inmediatamente despois da sementeira, todas as parcelas cultivadas con pataca.

4. Os operadores de pataca de semente na Comunidade Autónoma de Galicia deberán cumprir distintos requisitos que recolle o decreto.

O DOG do luns 26 de marzo, contiña unha resolución da Consellería de Medio Rural que declara o Concello de Muxía zona infestada pola couza da pataca, ampliando a esta localidade as medidas aplicadas dende hai tres anos nos restantes afectados por esta praga, nomeadamente a prohibición de botar pataca e de comercializala. Ademais, os concellos anexos (Cee, Dumbría, Vimianzo e Camariñas) engadíranse ás zonas tampón nas que calquera persoa que queira plantar este tubérculo deberá comunicalo á Xunta, que tamén establece unha serie de limitacións e obrigas para a súa comercialización.

Descoñécese cal foi a vía de entrada da praga en Muxía, pero as medidas e controis establecidos polo Goberno galego demostráronse insuficientes para frear a expansión da couza guatemalteca.

En Muxía, Medio Rural detectou tres casos en plantacións de autoconsumo, converténdose esta localidade da Costa da Morte no primeiro lugar no que se detectan casos de couza guatemalteca fóra das zonas de protección que quedaron establecidas o pasado ano en 31 concellos de Ferrolterra e a Mariña lucense. Descoñécese cal foi a vía de entrada da praga en Muxía, quer por estrada quer por mar, pero en todo caso a realidade é que as medidas e controis establecidos polo Goberno galego demostráronse insuficientes para frear a expansión da couza guatemalteca.

As medidas fitosanitarias e de control impostas desde aquela, así como a prohibición de plantar pataca en ditos concellos, a obriga de arrancala e as



escasas axudas facían temer o peor, e que avance cara a expansión de toda Galicia afectando a un sector económico vinculado á pataca moi importante na nosa comunidade e tamén que afecta á propia persoa consumidora final, posto que unha grande parte da poboación planta pataca para consumo propio.

Dende a primeira detección de positivos o avance da praga foi intensa, como era previsible. Debido a esta circunstancia a Consellería encargou unha encomenda a Tragsa, que por certo, gastaron 2.000.000€ en seis meses para afrontar o control da praga, e vemos unha vez máis que non resultou eficaz para nada. Esta encomenda consistiu do monitoreo e emprazamento de trampas (captura de couzas) e traslado de mostras o laboratorio, recollida de pataca afectada e traslado a vertedoiros controlados, aínda que todos vimos fotos de patacas tiradas en contedores de lixo e en regatos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Informar sobre o avance da couza guatemalteca e as medidas que se van tomar a fin de erradicala no Concello de Muxía e a Costa da Morte.
- 2.- Informar sobre as medidas establecidas ata o de agora e os seus efectos, recollidos na resolución do 8 de marzo de 2017 que recolle as zonas infestadas e as zonas tampón, e implementa as medidas para a erradicación e control do organismo de corentena.
- 3.- Informar sobre as axudas concedidas a particulares e produtores.

Santiago de Compostela a 28 de marzo de 2018



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 28/03/2018 13:51:39


Antón Sánchez García na data 28/03/2018 13:51:53

Paula Quinteiro Araújo na data 28/03/2018 13:52:00




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



De acordo co previsto no artigo 117.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro), achégolle os seguintes documentos:

1. Estado de execución do orzamento, con información sobre a situación da tesourería e movementos por operacións orzamentarias e extraorzamentarias.
2. Anexo de modificacións orzamentarias e situacións dos créditos.
3. Anexo do estado de execución de gastos de orzamentos pechados.
4. Anexo de información estatística da execución do orzamento de gastos.
5. Estado de execución orzamentaria do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).
6. Estado de execución orzamentaria dos Organismos Autónomos (agás SERGAS).
7. Estado de execución orzamentaria das Axencias Públicas Autonómicas.
8. Estado de execución orzamentaria das Entidades Públicas Instrumentais de asesoramento ou consulta.

A citada documentación refírese ao **cuarto trimestre de 2017**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

Os **Grupo Parlamentarios de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Conselleiro de Sanidade**, para dar conta da privatización de servizos sanitarios na EOXI de Coruña.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.
Asdo.: Luís Villares Naveira,
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asdo.: María Montserrat Prado Cores
Deputada do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Voceira do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 27/03/2018 12:46:10

Luis Villares Naveira na data 27/03/2018 12:46:15

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2018 12:59:48

Ana Pontón Mondelo na data 27/03/2018 12:59:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 3 ABR. 2018

Núm. 28681

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 3 ABR. 2018

SAIDA

Núm. 110

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Sanidade para informar sobre "a implantación da categoría estatutaria de enfermeiro/a especialista"

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA SEGORRANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 03/04/2018 09:07:31

CVE: 85E8H9Y1
Verificación: <http://sede.xunta.gal/cve>



Sr. presidente do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 3 ABR. 2018

Núm. 28680



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- do director xeral de Enerxía e Minas para informar sobre "os resultados da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (Redexga)".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por GARCÍA-SERORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Adm. Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Data e hora: 03/04/2018 09:07:31

CVE: ywvkhst18
Verificación: <https://sede.xunta.gal/vev>



Presidente do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A prevalencia da diabetes en Galicia é do 8 por cento, polo que se calcula que máis de 220.000 persoas na comunidade padece esta enfermidade. Un sete por cento da poboación maior de 18 anos ten diabetes tipo 2 en Galicia, segundo os últimos estudos oficiais, sendo A Coruña a provincia galega con maior prevalencia.

A diabetes mellitus tipo 2 (DM2) é un serio problema de saúde pública "pola súa magnitude actual e polo potencial aumento futuro da enfermidade" e das súas "graves complicacións".

Para levar as persoas pacientes un control adecuado cos sistemas utilizados actualmente de medidores con tiras, son necesarios como mínimo seis picadas diarias, aos que hai que engadir os catro que, como mínimo, son necesarios para a administración da insulina.

Cos novos dispositivos redúcese considerablemente o número de picadas, O FreeStyle Libre é un medidor de glucosa que pode cambiar a vida das persoas diabéticas é fácil de usar e cada escaneo obtén o seu valor actual de glucosa, os valores das últimas 8 horas e unha frecha que lle indica cara a onde se dirixe a súa glucosa.

Algunhas comunidades autónomas facilitan este tipo de medidor de glucosa, como a Comunidade Valenciana, País Vasco ou Andalucía, ben financiando parte do custo do medidor ou total sobre todo aos que están indicados para pacientes que sofren diabetes tipo I -teñen que administrarse constantemente insulina porque o seu corpo non a xera de xeito natural- e pese a que levan bombas de insulina teñen problemas para controlar a súa enfermidade. Non ocorre así en Galicia.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galicia da situación dos afectados por diabetes en relación á non dispoñibilidade do medidor de glucosa FreeStyle Libre?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia algunha medida con respecto a facilitar, total ou parcialmente, o acceso dos diabéticos ao medidor de glucosa FreeStyle Libre?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2018 11:37:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2018 11:37:27

Noela Blanco Rodríguez na data 23/03/2018 11:37:29

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Hai case 4 anos, o presidente da Xunta de Galicia falaba do Consello Consultivo de Galicia como o “órgano asesor de máximo nivel”, “faro potente” que iluminaría as tarefas da Administración autonómica.

E hai case 4 anos, o Señor Feijóo nomeaba presidente do órgano a José Luis Costa Pillado, quen prometía prudencia, ilusión, imparcialidade e austeridade, promesas incumpridas nestes case 4 anos, tamén en relación coas propias persoas traballadoras da institución: están sendo laminados dende que comezara o mandato do actual presidente; hai un reparto arbitrario do traballo e o Tribunal Supremo acaba de facer firme a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, a través da sentenza da Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo, de 15 de marzo de 2018.

Lamentablemente, esta sentenza supón un varapau para o Consello Consultivo (dise que a argumentación realizada non garda relación directa coa razón de decidir da sentenza) e para a propia Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, pois foi esta a “encargada” de presentar o recurso perante o TS. A maiores, impóñense as custas procesais (2000 euros) á parte recorrente.

O anterior confirma a profunda preocupación deste grupo parlamentario pola afectación ao prestixio, obxectividade e independencia do Consello Consultivo de Galicia, polo que reiteramos a necesidade do seu cese.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que pensa facer o Goberno galego ante a recente sentenza do Tribunal Supremo -Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo, de 15 de marzo de 2018- que confirma a condena ao Consello Consultivo de Galicia?
2. Que opinión lle merece entón ao Goberno a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, de data 13 de xaneiro de 2017, que condenaba ao órgano a pagar os complementos de produtividade do persoal que o propio presidente decidira eliminar de maneira arbitraria?
3. Vai esixir o Goberno que sexa o propio presidente do Consello Consultivo quen abone persoalmente a ampliación do orzamento para o pago dos complementos de produtividade do persoal e as custas do procedemento ante o Tribunal Supremo?
4. Entende agora o Goberno que o presidente do Consello Consultivo está a incumprir gravemente os deberes do seu cargo?
5. Entende o Goberno que está en xogo o prestixio da institución?
6. Considera preciso o cesamento do presidente do Consello Consultivo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2018 14:20:18

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2018 14:20:24



 **Grupo Parlamentario**

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2018 14:20:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

Segundo a OMS, as matronas desenvolven un papel fundamental en relación á saúde das mulleres, non só na atención durante a xestación ou o parto, si non tamén en todas as etapas da vida sexual e reprodutiva da muller.

Con todo, pese as recomendacións de ratios por parte da OMS, estas seguen a ser inadecuadas tanto na atención primaria como especializada por parte do Servizo Galego de Saúde, que ten deseñado un Plan Integral de Saúde da Muller que resulta imposible levar a cabo de xeito equitativo en todo o territorio, xa que se produce una iniquidade asistencial en función da zona onde se resida. Neste sentido, Ourense é o sitio máis castigado principalmente e de xeito alarmante na Atención Primaria, onde soamente existen 8 matronas para toda a provincia de Ourense, que conta cunha poboación de 160.453 mulleres.

A Asociación Galega de Matronas denuncia a absoluta precariedade, especialmente na zona de Ourense, onde resulta totalmente imposible levar a cabo o Plan Integral de saúde da muller.

Esta situación, non ten moitas trazas de mellorar, tendo en conta que para a seguinte OPE non están previstas prazas de matronas e as actuais están sendo amortizadas en lugar de ser cubertas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:



- Ten pensado o Goberno cubrir as baixas e xubilacións das matronas?
- Que ten pensado facer o Goberno para dar solución a falta absoluta de matronas na provincia de Ourense, especialmente na Atención Primaria?
- Considera o Goberno que se está a dar unha atención equitativa tendo en conta as diferencias de ratios nas provincias?
- Considera o Goberno que con estes datos poden estar dando cumprimento ao Plan Integral de Saúde da Muller en Galicia?
- Por que non cumpre o Servizo Galego de Saúde coas recomendacións da OMS en canto ao número de matronas?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/03/2018 10:40:29

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A VAC Ferrol – San Cibrao é unha arteria fundamental para o desenvolvemento das comarcas de Ferrolterra, Ortegal e da Mariña lucense. É prioritario potenciar a dita VAC para poder saír da situación de debilidade económica potenciando o comercio dunhas comarcas abandonadas.

O día 22 de abril de 2016, celebrouse unha reunión no concello de Cariño, onde asistiron a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, o delegado provincial da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, a delegada provincial da Xunta de Galicia na provincia de Lugo e os representantes, de todas as cores políticas, dos 16 concellos das comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña.

Nesta xuntanza acordouse crear unha comisión de seguimento do proxecto de construción da VAC Costa Norte, ente que estaría formado por un alcalde de cada comarca e de cada cor política (Secundino García, alcalde de San Sadurniño, polo BNG e Ferrolterra; Miguel Alonso, alcalde de Cariño, polo PSdeG e Ortegal; e Jesús Novo, alcalde do Vicedo, polo PP e A Mariña) máis un ou dous representantes da propia consellería. Pese a este acordo nunca se chegou a formalizar a súa creación.

Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Ten o Goberno galego a intención de crear a comisión de seguimento da VAC Costa Norte?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/03/2018 10:27:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/03/2018 10:28:05

Raúl Fernández Fernández na data 23/03/2018 10:28:12

María Luisa Pierres López na data 23/03/2018 10:28:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A prevalencia da diabetes en Galicia é do 8 por cento, polo que se calcula que máis de 220.000 persoas na comunidade padece esta enfermidade. Un sete por cento da poboación maior de 18 anos ten diabetes tipo 2 en Galicia, segundo os últimos estudos oficiais, sendo A Coruña a provincia galega con maior prevalencia.

A diabetes mellitus tipo 2 (DM2) é un serio problema de saúde pública "pola súa magnitude actual e polo potencial aumento futuro da enfermidade" e das súas "graves complicacións".

Para levar as persoas pacientes un control adecuado cos sistemas utilizados actualmente de medidores con tiras, son necesarios como mínimo seis picadas diarias, aos que hai que engadir os catro que, como mínimo, son necesarios para a administración da insulina.

Cos novos dispositivos redúcese considerablemente o número de picadas, O FreeStyle Libre é un medidor de glucosa que pode cambiar a vida das persoas diabéticas é fácil de usar e cada escaneo obtén o seu valor actual de glucosa, os valores das últimas 8 horas e unha frecha que lle indica cara a onde se dirixe a súa glucosa.

Algunhas comunidades autónomas facilitan este tipo de medidor de glucosa, como a Comunidade Valenciana, País Vasco ou Andalucía, ben financiando parte do custo do medidor ou total sobre todo aos que están indicados para pacientes que sofren diabetes tipo I -teñen que administrarse constantemente insulina porque o seu corpo non a xera de xeito natural- e pese a que levan bombas de insulina teñen problemas para controlar a súa enfermidade. Non ocorre así en Galicia.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten coñecemento a Xunta de Galicia da situación das persoas afectadas por diabetes en relación á non dispoñibilidade do medidor de glucosa FreeStyle Libre?

Pazo do Parlamento, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2018 11:38:53

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2018 11:38:59

Noela Blanco Rodríguez na data 23/03/2018 11:39:01

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

As redeiras, son mulleres do mar que desenvolven un traballo pouco visible e pouco valorado, aínda que se trate dun oficio altamente cualificado, e que se vén desenvolvendo tradicionalmente por mulleres desde as súas orixes, polo tanto trátase dun sector altamente feminizado. O seu traballo é imprescindible para o sector do mar.

Os danos profesionais máis comúns que sofren estas profesionais, son os coñecidos como trastornos músculo-esqueléticos (TME), orixinados como consecuencia do traballo que realizan, derivadas da adopción de posturas forzadas, mantidas ou fatigosas. As partes do corpo máis castigadas son as costas, os brazos, os cóbados, as mans e en menor medida as extremidades inferiores; pola realización de movementos repetitivos, da manipulación de cargas ou da aplicación de forzas importantes. Outros riscos importantes son os derivados das condicións adversas da climatoloxía e do lugar de traballo: exposición solar, humidades etc.

E precisamente da falta de recoñecemento destas doenzas é das que se laia o colectivo de redeiras, que despois duns anos desenvolvendo a súa actividade todas elas se ven afectadas por algunha das doenzas descritas. Aínda existindo unha clara relación causa-efecto encontran grandes dificultades para que se lles conceda unha baixa laboral por continxencias profesionais, e en consecuencia un recoñecemento das enfermidades derivadas do exercicio do seu traballo.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de xestión encamiñada á prevención das doenzas máis comúns e habituais que sofren as redeiras?

Pazo do Parlamento, 22 de marzo de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/03/2018 12:54:24

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2018 12:55:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os Trastornos do Espectro do Autismo (TAE), hoxe día tamén denominados “Condicións do Espectro Autista (CEA)” son un grupo de alteracións de orixe neurobiolóxico que afectan o desenvolvemento dunha persoa. Cando falamos de autismo por tanto estamos a falar de persoas moi diferentes entre si, nunca dunha categoría única. Esas alteracións están presentes ao longo da vida das persoas diagnosticadas TEA, producindo cambios no seu proceso cognitivo e modificando a súa maneira de estar e relacionarse socialmente.

O grao de incidencia dos TEA aumentou ao longo dos últimos anos. Dun caso cada 10.000 nacementos, como se estimaba nos anos 70 a un caso entre 150 nacementos. Ademais, preséntase catro veces máis en homes que en mulleres.

As persoas con TEA viron reducidos os recursos públicos dedicados á atención das súas necesidades, que hai que engadir aos habituais impedimentos e bloqueos sociais que se atopan no seu día a día para acceder ao emprego, á vivenda, á educación ou á sanidade.

As familias de 30 nenos e nenas ourensás con Trastornos do Espectro Autista (TEA) denunciaron recentemente a suba do 100 % das cotas mensuais que deben pagar para ter acceso aos servizos da asociación de Autismo Ourense. Actualmente esta asociación presta dous servizos nun edificio de propiedade pública: un servizo de atención temperá, para todos os nenos e nenas de entre 0 e 6 anos, que consiste en 8 horas ao mes, e un servizo de orientación aos das idades comprendidas entre os 6 a 21 anos de 7 horas mensuais. Este incremento produciríase dos 150 euros ao mes que, na actualidade, abonan os pais e nais á entidade para que os seus fillos se beneficien dos servizos de Atención Temperá (0 a 6 anos) e de Orientación (6 a 21 anos) , e que ascenderían agora ata

 Grupo Parlamentario

os 300 mensuais. As familias atópanse nunha situación límite, ao non poder afrontar esta suba. Desde a Asociación de Autismo Ourense apuntaron que a suba se debe aos importantes recortes das axudas públicas.

A asociación acordou pechar, a finais do presente curso escolar, os servizos de Orientación e posiblemente Atención Temperá, mantendo os de carácter básico para as persoas usuarias gravemente afectados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia para garantir o mantemento e accesibilidade de todos os servizos de atención aos nenos e nenas ourensás con TEA?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/03/2018 14:08:05

Julio Torrado Quintela na data 23/03/2018 14:08:11

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Hai case 4 anos, o presidente da Xunta de Galicia falaba do Consello Consultivo de Galicia como o “órgano asesor de máximo nivel”, “faro potente” que iluminaría as tarefas da Administración autonómica.

E hai case 4 anos, o Señor Feijóo nomeaba presidente do órgano a José Luis Costa Pillado, quen prometía prudencia, ilusión, imparcialidade e austeridade, promesas incumpridas nestes case 4 anos, tamén en relación coas propias persoas traballadoras da institución: están sendo laminados dende que comezara o mandato do actual presidente; hai un reparto arbitrario do traballo e o Tribunal Supremo acaba de facer firme a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago de Compostela, a través da sentenza da Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo, de 15 de marzo de 2018.

Lamentablemente, esta sentenza supón un varapau para o Consello Consultivo (dise que a argumentación realizada non garda relación directa coa razón de decidir da sentenza) e para a propia Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, pois foi esta a “encargada” de presentar o recurso perante o TS. A maiores, impóñense as custas procesais (2000 euros) á parte recorrente.

O anterior confirma a profunda preocupación deste grupo parlamentario pola afectación ao prestixio, obxectividade e independencia do Consello Consultivo de Galicia, polo que reiteramos a necesidade do seu cese.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno dirixida ao Goberno galego:

Considera preciso o cesamento do presidente do Consello Consultivo de Galicia?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2018 14:18:14

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2018 14:18:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2018 14:18:26

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Abel Fermín Losada Álvarez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Desde a liberalización do mercado enerxético en España, os prezos da enerxía eléctrica sufriron incrementos da orde do 60 % afastándose moito dos prezos medios europeos, que se manteñen nunha liña estable.

Ademais, as bonificacións recibidas vía sistema de xestión da demanda de interromper víronse reducidas notablemente, ademais de supoñer, debido o sistema de subastas de interrupción, un lastre para as empresas en canto á planificación de investimentos, orzamentos e creación e mantemento do emprego, deixando as empresas expostas a unha perda de competitividade con respecto ás dos países do noso contorno que operan nos mesmos mercados. Posiblemente por estas razóns obsérvanse nos últimos anos investimentos de empresas españolas en diferentes países do noso contorno nos que a incerteza existente sobre prezos da enerxía a medio e longo prazo as benefician, o que pon en risco de deslocalización ás plantas españolas.

Un escenario realista e posible sería o dunha tarifa eléctrica estable e competitiva a medio e longo prazo, mediante contratos bilaterais entre produtores e consumidores, o mesmo que ocorre nalgún país da Unión Europea, favorecendo iso a estabilidade e a creación de novo emprego, en definitiva, o noso futuro industrial.

As empresas radicadas en Galicia, como Alcoa, Ferroatlántica, Megasa e cementeiras, grandes consumidoras de enerxía electointensiva como consecuencia dos seus procesos produtivos, son testemuña nos últimos tempos de como os prezos da enerxía, principal custo da transformación das materias primas nos seus procesos produtivos, se viron incrementado con respecto aos competidores do seu contorno a nivel europeo.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Con todo isto, os poderes públicos do noso país están obrigados a abordar a problemática das empresas electrointensivas que teñen un gran consumo de enerxía nos seus procesos produtivos (sectores do aluminio, ferroaleacións, siderurxia, cimenteiros, etc) e a adoptar as solucións necesarias, xa que as plantas industriais españolas, con importante presenza en Galicia, compiten en gran desigualdade como consecuencia de que os custes enerxéticos en Europa son inferiores aos custos en España.

Por todo iso, os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Que posición ten o Goberno galego ante esta cuestión, que presenta unha forte incidencia no presente e no futuro do noso tecido industrial?

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2018 16:27:08

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/03/2018 16:27:20

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2018 16:27:29

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/03/2018 16:27:34



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 12:00
Nº Rexistro: 28480
Data envío: 26/03/2018 12:00:09.835

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Nos pasados días o comité de empresa da consellaría de Política Social na provincia de Pontevedra iniciou unha campaña de denuncia das deficiencias e falta de persoal no Centro de persoas maiores de Campolongo (Pontevedra). O comezo desta campaña é resultado da falta de resposta por parte da consellaría a demandas formuladas desde 2015.

Entre outras, o comité formula as seguintes demandas para a mellora da atención asistencial na residencia:

- Mellora nos ascensores por seren insuficientes e non axeitados para persoas con mobilidade reducida.
- Instalación de tomas de osíxeno e aspiración nas habitacións, xa que hai residentes que pola súa inmovilidade reciben alimentación nos cuartos.
- Reformas nos pisos terceiro e cuarto para adaptalos ás persoas que os utilizan.
- Modificacións dos usos dos montacargas.
- Melloras no servizo de cociña.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 12:00
Nº Rexistro: 28480
Data envío: 26/03/2018 12:00:09.835

- Dotación do comedor con elementos de seguridade para as persoas usuarias.
- Modificación do acceso á cafetería para as persoas que viven na residencia.
- Comedores e salas de estar en todas as plantas.
- Dotación de maquinaria necesaria en comedor, cociña, enfermaría e lavandaría.
- Finalización das obras no comedor do cuarto andar.

En materia de persoal, o comité demanda a ampliación do cadro de persoal coa contratación de dúas persoas para a enfermaría, cinco auxiliares de enfermaría e un/ha cociñeiro/a.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé adoptar o goberno galego para corrixir as deficiencias denunciadas polo comité de empresa na residencia de persoas maiores de Campolongo (Pontevedra)?

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/03/2018 12:00
Nº Rexistro: 28480
Data envío: 26/03/2018 12:00:09.835

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 26/03/2018 11:57:07

María Montserrat Prado Cores na data 26/03/2018 11:57:12

Ana Pontón Mondelo na data 26/03/2018 11:57:13

Xosé Luis Rivas Cruz na data 26/03/2018 11:57:15

Olalla Rodil Fernández na data 26/03/2018 11:57:17

Noa Presas Bergantiños na data 26/03/2018 11:57:20

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Onte mesmo, a Corporación Municipal de A Lama aprobaba por unanimidade unha moción conxunta de rexeitamento á extinción da “*Fundación Padroado das Colonias Escolares de Covelo*”, que fundara altruistamente Manuel Barreiro Cavanelas, e de apoio á continuidade da mesma.

A decisión foi secundada pola veciñanza da parroquia de Covelo, representado pola Asociación de Veciños de Laxedo, quen impugnará a recente Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os motivos desta impugnación son, evidentemente, velar polos intereses das persoas veciñas e pola preservación dun patrimonio que lle corresponde ao pobo, sendo conscientes tamén de que cómpre poñer os medios necesarios para facer rexurdir a fundación e rematar coa situación de abandono actual.

O complexo (duns 40000 metros cadrados) require dunha profunda rehabilitación, tendo como obxectivo destinalo a fins educativos, de ocio e de formación medioambiental xuvenil.

